

Ensino galego público e de calidade

A mocidade rebelde galega ten unha nova cita para demostrar que as políticas que teñen por obxectivo roubarnos unha parte das nosas vidas deben rematar. Miles de berros de reivindicación, de indignación, de carraxe e de raiba. Miles de gorxas conscientes, combativas, insubmisas e organizadas. Esa mocidade galega que non dubida en saír á rúa para defender unha das bases fundamentais de toda sociedade: o ensino; pero non calquera tipo de ensino. Un ensino integramente público ao servizo das clases populares, contrario aos postulados do capitalismo que entende este como un ben mercantil. Un ensino de calidade, básico para a formación de persoas críticas e libres. Integramente en galego, incardinado na nosa realidade e na nosa historia tan silenciada e negada, sen imposicións de linguas ou modelos alleos. Democrático, onde o estudantado teña dereitos e participación real, suxeito activo da vida diaria dos centros. Non patriarcal, onde se visibilice a muller na historia e na sociedade e se eduque na superación dos roles de xénero.

A LOMCE, unha lei profundamente reaccionaria, españolizadora, privatizadora, clasista, patriarcal e confesional afonda no desmantelamento xeral e sistemático do ensino público e en poñer o que queda ao servizo do capital. Sabemos que o ensino é básico para a formación de persoas críticas e libres, clave para o desenvolvemento dun pobo, e por iso o poder teima en se apropiar del. A LOMCE baséase na vontade mercantilizadora do ensino e de como este debe de estar suxeito aos procesos económicos e aos seus resultados, é dicir, debe axustarse ás demandas dos mercados, do capital.

A isto súmaselle a nova reformulación dos graos que se acaba de aprobar. Non é algo novo. A suposta harmonización do ensino superior á que obrigou o Plano de Boloña viña, na teoría, a homoxeneizar as titulacións do estado español coas do resto dos sistemas universitarios europeos facendo que as carreiras >>

Ensino galego público e de calidade

A mocidade rebelde galega ten unha nova cita para demostrar que as políticas que teñen por obxectivo roubarnos unha parte das nosas vidas deben rematar. Miles de berros de reivindicación, de indignación, de carraxe e de raiba. Miles de gorxas conscientes, combativas, insubmisas e organizadas. Esa mocidade galega que non dubida en saír á rúa para defender unha das bases fundamentais de toda sociedade: o ensino; pero non calquera tipo de ensino. Un ensino integramente público ao servizo das clases populares, contrario aos postulados do capitalismo que entende este como un ben mercantil. Un ensino de calidade, básico para a formación de persoas críticas e libres. Integramente en galego, incardinado na nosa realidade e na nosa historia tan silenciada e negada, sen imposicións de linguas ou modelos alleos. Democrático, onde o estudantado teña dereitos e participación real, suxeito activo da vida diaria dos centros. Non patriarcal, onde se visibilice a muller na historia e na sociedade e se eduque na superación dos roles de xénero.

A LOMCE, unha lei profundamente reaccionaria, españolizadora, privatizadora, clasista, patriarcal e confesional afonda no desmantelamento xeral e sistemático do ensino público e en poñer o que queda ao servizo do capital. Sabemos que o ensino é básico para a formación de persoas críticas e libres, clave para o desenvolvemento dun pobo, e por iso o poder teima en se apropiar del. A LOMCE baséase na vontade mercantilizadora do ensino e de como este debe de estar suxeito aos procesos económicos e aos seus resultados, é dicir, debe axustarse ás demandas dos mercados, do capital.

A isto súmaselle a nova reformulación dos graos que se acaba de aprobar. Non é algo novo. A suposta harmonización do ensino superior á que obrigou o Plano de Boloña viña, na teoría, a homoxeneizar as titulacións do estado español coas do resto dos sistemas universitarios europeos facendo que as carreiras >>

>> pasasen de 5 a 4 anos, sendo en moitas obrigatorio cursar posgraos para completar o coñecemento. Isto leva ao encarecemento xeral do sistema xa que o prezo dun ano de posgrao pode chegar a ser máis do dobre que o dun ano de grao polo que isto, sumado ao descenso no número de bolsas, fai que só as persoas que teñen suficiente solvencia os poidan cursar. Coa nova fórmula pásase de ter 4 a 3 anos de grao e de 1 a 2 anos de potgrao, o que aínda aumenta máis o prezo e diminúe a cantidade de xente que accede a eles.

Sobran os motivos non só para un día de folga e mobilización masiva senón para pisar o acelerador na loita social, estar en primeira liña do combate denunciando que no capitalismo non temos futuro e que hai que rachar con este réxime corrupto e decadente. Quérennos domesticadas, quérennos pasivas, desmovilizadas no intre onde o noso golpe debería ser máis forte. Por cada moza na emigración, por cada mozo no desemprego, por cada moza que ten que deixar os seus estudos, súmase unha razón máis para facerlle fronte a este sistema.

É hora de loitar! Por todo o dito Isca! sae hoxe á rúa na convocatoria de folga estudantil que impulsan organizacións estudantís de corte popular, para reivindicar un ensino digno, galego, científico e antipatriarcal. Un futuro lonxe da miseria e da falta de expectativas. Por un ensino público e gratuíto, que eduque en igualdade e que defenda a nosa lingua.



O ENSINO
É UN DEREITO
NON UN PRIVILEXIO

26 de febreiro
FOLGA NO ENSINO
por un ensino galego, público e de calidade

o futuro gáñase
LOITANDO!

isca!

folia
axitativa
de isca!

nº 46


rebater

www.iscagz.org
info@iscagz.org



>> pasasen de 5 a 4 anos, sendo en moitas obrigatorio cursar posgraos para completar o coñecemento. Isto leva ao encarecemento xeral do sistema xa que o prezo dun ano de posgrao pode chegar a ser máis do dobre que o dun ano de grao polo que isto, sumado ao descenso no número de bolsas, fai que só as persoas que teñen suficiente solvencia os poidan cursar. Coa nova fórmula pásase de ter 4 a 3 anos de grao e de 1 a 2 anos de potgrao, o que aínda aumenta máis o prezo e diminúe a cantidade de xente que accede a eles.

Sobran os motivos non só para un día de folga e mobilización masiva senón para pisar o acelerador na loita social, estar en primeira liña do combate denunciando que no capitalismo non temos futuro e que hai que rachar con este réxime corrupto e decadente. Quérennos domesticadas, quérennos pasivas, desmovilizadas no intre onde o noso golpe debería ser máis forte. Por cada moza na emigración, por cada mozo no desemprego, por cada moza que ten que deixar os seus estudos, súmase unha razón máis para facerlle fronte a este sistema.



O ENSINO
É UN DEREITO
NON UN PRIVILEXIO

26 de febreiro
FOLGA NO ENSINO
por un ensino galego, público e de calidade

o futuro gáñase
LOITANDO!

isca!

folia
axitativa
de isca!

nº 46

rebater

www.iscagz.org
info@iscagz.org

